

**ANUNCIO****ADMISIÓN EN RÉXIME DE CENTRO DE DÍA, CENTRO PRÍNCIPE FELIPE CURSO 2023/2024  
ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E LISTA DE ESPERA: COMISIÓN EXTRAORDINARIA 19/04/2024**

A Deputada Delegada no exercicio da facultades delegadas da Presidencia, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**,

A Deputación Provincial de Pontevedra por acordo do pleno en sesión que tivo lugar o día 27 de xuño de 2003, creou o Centro de Día do Centro "Príncipe Felipe", destinado á atención diaria dos menores da provincia de Pontevedra.

Na Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 21 de abril de 2023, aprobou as bases reguladoras do procedemento de admisión en réxime de centro de día no Centro Príncipe Felipe para o curso 2023/2024.

Tal e como establecen as bases da convocatoria o Consello Coordinador de Centros de Acollemento, en reunión extraordinaria celebrada o 19 de abril do presente ano, unha vez valoradas as solicitudes presentadas, eleva a proposta ao órgano competente da Deputación Provincial para a resolución de admisión/inadmisión no Centro de Día durante o curso 2023/2024.

Considerando o establecido no artigo 105 da Lei 5/97 de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia e no artigo 61.22 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, no que se establece a competencia do Presidente da Deputación Provincial para aprobar os expedientes de ingreso de persoas en establecementos provinciais.

Á vista do exposto, de conformidade co disposto na Resolución Presidencial nº 2024002205, de data 15 de marzo de 2024, **RESOLVO**:

1.- Admitir no Centro de Día do Centro Príncipe Felipe, para o curso 2023-2024, con efectos de 24 de abril de 2024, aos menores que a continuación se relacionan:

Nº Rexistro	Nome	Idade	Puntuación	Centro
2024002679	AITANA MARTINA	4	9,75	C.INFANTIL
2024004094	CHRISTOFER	10	17,00	E.FOGAR
2023021336	EMANUELLY	6	12,50	C.INFANTIL
2024004096	GABRIEL	9	17,00	E.FOGAR
2024002679	WILLIAM THIAGO	11	10,00	AGARIMO

2.- Deixar en lista de espera no Centro de Día do Centro Príncipe Felipe, para o curso 2023-2024, aos menores que a continuación se relacionan:



Nº Rexistro	Nome	Idade	Puntuación
2024000551	IAGO	0	6,25
2023021305	VERA	0	4,25
2023021730	YAIZA	5	9,25

3.- A publicación do anuncio da adxudicación de prazas e lista de espera correspondente o curso 2023-2024.

En Pontevedra, na data da sinatura dixital.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

**SEDE ELECTRÓNICA/PÁXINA WEB INSTITUCIONAL.-**

